

Xesús Alonso Montero. Do estado da lingua: algunhas cuestións*

Xesús Alonso Montero. On the state of Galician: some questions

Patricia Arias Chachero

(IES A Pontepedriña / patchachero@edu.xunta.gal)

Data de recepción: 07/08/2025 – Data de aceptación: 07/11/2025

Resumo: A presente colaboración pretende contribuír, con tanta humildade coma rigor, ao coñecemento dos estudos lingüísticos da autoría de Xesús Alonso Montero. Coa vontade de ordenación e revisión dos estudos do profesor, no artigo ofrécese unha clasificación das súas publicacións dedicadas á situación da lingua galega dende 1952 ata 2025. Os inicios de Alonso Montero ocupan un apartado importante deste traballo e conclúese cunha serie de consideracións sobre o seu compromiso, a súa coherencia e a súa vontade de ofrecer solucións.

Palabras chave: Xesús Alonso Montero, estudos lingüísticos, sociolingüística, glotopolítica, galego no ensino, historia da lingua, galego literario.

Sumario: 1. A modo de introdución. 2. Un intento de clasificación. 3. Os inicios. 4. Algunhas consideracións: o compromiso, o esforzo da palabra, a coherencia e a vontade de ofrecer solucións. 4.1. O compromiso político. O falar, un signo de clase. 4.2. O esforzo da palabra. Un iniciador da Sociolingüística galega. 4.3. A coherencia e a vontade de ofrecer solucións. Referencias bibliográficas.

Abstract: This contribution aims to explore, with an attitude that is both humble and rigorous, the linguistic studies of Xesús Alonso Montero. With the aim of reviewing and systematizing the professor's language studies, the article offers a classification of his publications devoted to the situation of the Galician language from 1952 to 2025. The paper pays particular attention to Alonso Montero's early career and it concludes with a series of remarks on his life-long commitment, his overall coherence and his willingness to offer solutions.

Keywords: Xesús Alonso Montero, linguistic studies, sociolinguistics, glottopolitics, Galician in the education system, history of the language, literary Galician.

Contents: 1. By way of introduction. 2. An attempt at classification. 3. The beginnings. 4. Some remarks: his commitment, the effort of speech, his coherence and willingness to offer solutions. 4.1. Political commitment. Language as class marker. 4.2. The effort of speech. A pioneer of Galician Sociolinguistics. 4.3. Overall coherence and willingness to offer solutions. Bibliographic references.

* «Do estado da lingua: algunhas cuestións» é o título dun artigo de Alonso Montero (1990).

*Fala de meus abós, fala en q'os parias,
De trévoa e polvo e de sudor cubertos,
Piden á terra o gráu d'a côr d'a sangue
Qu'ha de cebar á besta d'o laudemio...*

Curros Enríquez, «Introdución», *Aires da miña terra* (1880)

1. A modo de introdución

O primeiro que cómpre dicir é que, fóra de toda dúbida, non son eu a persoa máis adecuada para asinar este artigo porque non son experta en sociolingüística, mais aceptei o desafío por dúas razóns: a primeira, pola admiración que sinto polo traballo e tesón de Ana Acuña e, a segunda, porque o reto obrigábame a ordenar lecturas e revisar o traballo inxente que, durante anos, leva realizado o profesor Xesús Alonso Montero no tema que se insinúa na epígrafe que encabeza este texto.

Aclarado isto, prégonlle ó lector verdadeiramente interesado no asunto que, antes de emprender a lectura deste meu traballo, lea outros realizados por persoas que posúen coñecementos certos na materia. Non se deberan deixar pasar, cando menos, os seguintes¹:

- Acuña (1999): Seguindo as ensinanzas do propio Alonso Montero, aborda as denominacións múltiples, os tabús, as escollas léxicas e a importancia da palabra.
- Acuña (2000): Analízanse, de forma ordenada e ben documentada, as catro enquisas lingüísticas que o profesor realizou entre os anos 1958 e 1969. Son, por orde cronolóxica, a enquisa bibliográfica (1958), o Corpus léxico sobre as palabras máis fermosas (1958), Sobre o galego falado (I) (1967) e Sobre o galego falado (II) (fins de 1969).
- Monteagudo (2000)²: Texto fundamental para comprender o traballo de Alonso Montero como sociolingüista, o que supuxo o seu *Informe* e o contexto en que este apareceu.
- Rodríguez Alonso (2000): Nel contextualiza e analiza de forma certa tres volumes fundamentais para se achegar ó traballo filolóxico como normativizador e estudioso da normalización: *O que cómpre saber da lingua galega*, «primeira análise sociolingüística do galego, non exenta de ironía

¹ A bibliografía que se cita neste e noutros apartados do traballo, aparece por orde cronolóxica. Se son varias as referencias que coinciden no ano escolleuse, para ordenalas, a orde alfabética dos apelidos dos autores.

² En 2016 o traballo apareceu, con mínimas variacións, no *Boletín da Real Academia Galega* 377, 311-331, baixo o título «Nas orixes da sociolingüística galega. A achega de Xesús Alonso Montero (1968-1973)».

e dun estilo áxil, xornalístico», *Decálogo da lingua galega e Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*.

- Santamarina (2000): Reflexión sobre o valor filolóxico dos traballos de Alonso Montero e a importancia das enquisas lingüísticas como fonte de información. Céntrase na enquisa onomástica levada a cabo no 67 sobre a maneira de nomear ó longo da xeografía galega, actualmente inda inédito.
- Vázquez Souza (2000).

Ademais dos sinalados, é citable tamén Rodríguez (1976), moi hostil ó *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* e ó autor.

2. Un intento de clasificación

Coa advertencia feita e a conciencia algo máis descargada quere agora quen isto escribe tentar unha clasificación –abertamente incompleta e probablemente parcial e pouco exhaustiva–, dos centos de páxinas escritas que Xesús Alonso Montero leva dedicado nos últimos 73 anos a unha problemática tan complexa como é a da situación da lingua galega.

Neste sentido, teña presente o lector que o primeiro escrito de Alonso Montero que fomos quen de localizar encadrable neste tema data de xaneiro de 1952, cando inda non cumprira os 24, e que a día de hoxe, con 97 anos celebrados, rara é a intervención, o artigo ou a declaración pública en que non deixe entrever –explícita ou implicitamente– o seu pensar e o seu sentir neste tema ó que, en non pequena medida, ten dedicado a súa vida.

Sirvan as cifras tamén para desculpar a impericia e as omisións que, de seguro, se comenten. Nótese que as referencias bibliográficas citadas superan as oitenta e que entre elas hai non só grosos volumes senón tamén artigos de non sempre doada localización³.

A. Sociolingüística

a) Libros

- (1969) *O que compre saber da lingua galega*. Buenos Aires: Alborada.
- (1973) *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*. Colección Arealonga 1. Madrid: Akal.
- (1974) *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas*. Madrid: Akal.

³ A quen estea minimamente familiarizado co autor dos traballos que se expoñen non se lle han escapar cando menos dúas cousas: a primeira, a similitude deste esquema cos que o profesor realiza; a segunda, que para elaboralo se botou man do completo traballo bibliográfico de Álvarez Ruiz de Ojeda (2000).

- (1977) *Lingua, literatura e sociedade en Galicia. 25 anos de Filoloxía galega: 1951-1976*. Madrid: Akal.
- (1978) *Política e cultura en Galicia, 1977*. Lugo: Celta.
- (1991) *Informe(s) sobre a lingua galega (pasado e presente)*. Vilaboa: Do Cumio.

b) Artigos e capítulos de libro

- (1964) «Castelao i-o idioma do pobo», *El Progreso*, 17/05/1964.
- (1966) «El idioma gallego en su aspecto social. Lengua vil en el ideario burgués», *Signo* 1391, 10/12/1966, Madrid, 12.
- (1968) «Tres incisiós na problemática do galego», en *O porvir da lingua galega*⁴. Lugo: Círculo de las Artes. Instituto de Estudios, 5-11.
- (1969) «Socioloxía da lingua, I: pantrigo», *El Correo Gallego*, 04/12/1969, 9.
- (1969) «Socioloxía da lingua, II: o galego, ífala materna ou paterna?», *El Correo Gallego*, 18/12/1969, 9.
- (1970) «Socioloxía da lingua, III: ruralización semántica», *El Correo Gallego*, 12/03/1970 (cfr. Álvarez Ruiz de Ojeda 2000).
- (1990) «Do Estado da lingua: algunhas cuestións», *Grial* 107, 275-293.
- (2015) «O padre Seixas, os pobres e a lingua dos pobres», en *O padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da Irmandade. Homenaxe no centenario do seu nacemento (1915-2015)*. Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos, SEPT, 42-43.
- (2016) «Dous poemas sociolingüísticos e un sobre a estética da lingua», en *Versos de un fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo (Antoloxía 1963-2016)*. Vigo: Xerais, 49-70.
- (2018) «Poemas sobre a problemática sociolingüística: Dous textos pioneiros de Manuel Rodríguez López», en *Manuel Rodríguez López. 25 anos despois. Memoria viva dun poeta obreiro*. Lugo: Interdix Galicia, 17-19.
- (2022) «A poesía sociolingüística de Florencio Delgado Gurriarán», *Boletín da Real Academia Galega* 383, 11-24.

O autor, en 2014, publicou en Ediciones Fervenza unha breve peza de teatro de tema sociolingüístico titulada *Un xuízo oral ("bilingüe") nunha vila no outono de 1942*. A obra foi representada varias veces.

⁴ Libro organizado, ideado e promovido por Alonso Montero, inclúe catorce colaboracións moi valiosas e diversas. Ademais da do autor, as de X. L. Méndez Ferrín, Sebastián Risco, Valentín Arias, R. Carballo Calero, Manuel María, Basilio Losada, Ramón Piñeiro, Bernardino Graña, Benedicto García, Epifanio Ramos, Manuel López Ferreiro, V. Paz-Andrade e Os Irmandiños; e unha coidada e completa «Bibliografía da Lingüística Galega».

B. Glotopolítica

- (1983) «Las lenguas nacionales en el ámbito de la Administración. Consideraciones desde Galicia», en *Las lenguas nacionales en la administración*. Valencia: Diputación de Valencia, 199-205.
- (2010) *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos*. Vigo: Xerais.
- (2025) «Como imaxino a situación da lingua galega no ano 2050», en F. Ramallo (coord.), *A lingua en 2050*. Vigo: Catroventos Editora, 28-41.

C. O galego e o ensino, o galego no ensino

a) Dous manuais escolares

- (1970) *O galego na escola*. Salamanca: Anaya. En colaboración co inspector de primeiro ensino, José M.^a de Marcos Abajo, de quen o autor fora compañeiro na universidade⁵. Marcos Abajo mecanografou o texto e facilitou que o libro o publicase unha editorial tan coñecida como Anaya.
- (1990) *Decálogo da lingua galega* (en galego e castelán). Vilaboa: Do Cumio.

b) Programas de cursos de galego en Lugo nos anos en que, ás veces, non eran tolerados.

- (1966) *Curso de Lingüística comparada: gallego castellano*. Introducción, programa e bibliografía. Lugo: Círculo de las Artes.
- (1970) *Gallego básico, Programa, bibliografía y metodología*. Lugo: Instituto Masculino de Lugo.
- Hai outro programa (de 1970?) para un curso que foi prohibido no Instituto Masculino de Lugo.

c) En 1974 un curso –efémero– de galego na prensa: «Escola de lingua galega», no suplemento *Axóuxere* («Semanario do neno galego») de *La Región* de Ourense. Do 28/09/1974 a 14/12/1974. Cada semana unha «lección» sobre unha palabra, un feito lingüístico etc. Remataba a sección semanal cunha pregunta que era unha sorte de reto ou xogo para a cativada (por exemplo, «Rapaces: ¿Sabedes vós de algunha bisbarra, parroquia ou lugar onde se empregue semellante locución?»).

d) Traballos sobre a presenza do galego ou da Filoloxía Galega nas institucións, nos centros de ensino.

- (1966) «Gallego moderno y castellano antiguo. Algunas coincidencias», *Rosalía*, revista do Instituto feminino de Lugo, ano I, n° 3.
- (1969) «Escribilo era fatal», *El Correo Gallego*, 24/12/1969, 10.

⁵ O título, *Galego na escola*, facíase eco dun lema moi popular na época pois aparecía en pegatinas «toleradas» no parabrisas dos coches de xente antifranquista comprometida coa lingua e o seu ensino regrado. Editábaas Xosé M.^a Álvarez Blázquez na súa editorial Castrelos (Vigo).

- (1989) «Limiar para un catón», en Ben-Cho-Shey, *Catón Galego*. Sada: Edicións do Castro. Reflexións sobre a historia do ensino do galego mentres analiza o primeiro método de aprendizaxe das primeiras letras (escrito en galego entre 1935 e 1936).
- (1993) «Limiar», en R. Nicolás Rodríguez, *Diccionario dos verbos galegos*. Vilaboa: Edicións do Cumio, 9-10.
- (1996) «A modo de prólogo», en S. Villanueva Bembibre, *Latín I, Bacharelato: curso de morfoloxía indoeuropea aplicada á lingua latina*. Vigo: Galaxia, 5-7.
- (2000) «Prólogo» en Manuel Murguía, *La primeira luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras* (ed. facsímile). Vigo: Gráficas Númen, VII-XXXI.
- (2004) «A lingua galega nos libros de lectura da escola primaria nos primeiros anos do franquismo», *Revista Galega do Ensino* 43, 107-148.
- (2014) «Sobre a cátedra de Literatura galaico-portuguesa da Universidade Central (Madrid) que gañou, por oposición, Víctor Said Armesto en 1914», en D. Rodríguez González (coord.), *Víctor Said Armesto: a lección dun cidadán libre*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 115-126.
- (2018) *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de Instituto (1919)*. A Coruña: Real Academia Galega / Deputación de Pontevedra.

e) Artigos para facer atractivo o ensino do galego

- (1958) «Sobre la “belleza” de las palabras. Prólogo a una encuesta», *La Noche*, 29/11/1958. Responderon Aquilino Iglesia Alvariño («Encuesta sobre la “belleza” de las palabras», *La Noche*, 13/12/1958), Ben-Cho-Shey («Correspondencia literaria», *La Noche*, 07/02/1959) e Laureano Prieto (*La Noche*, 01/04/1959)⁶.
- (1974) «Escola da lingua galega. As verbas máis “fermosas” da lingua galega», *La Región*, outubro.
- (1993) «Estética da lingua: sobre as palabras máis “fermosas” do galego», *La Voz de Galicia*, 30/06/1993.
- (2002) «Para unha estética (e estilística) da lingua: sobre as palabras máis fermosas do galego», *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2002, 71-86.
- (2017) «Oda ás cento dez palabras máis fermosas do idioma galego», en *Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo. Antoloxía: 1963-2016*. Vigo: Xerais, 65-70. Meses antes de que fose publicado o volume, en

⁶ En 1967 Alonso Montero enviou desde Lugo dúcias de exemplares dunha enquisa sobre o galego que constaba de 113 epígrafes, o número 25 dicía: «Mencione las ocho o diez palabras más “hermosas” del gallego». Catro anos despois, en 1971, os seus alumnos de COU do Instituto de Lugo, escolleron «as dez verbas máis fermosas ou suxestivas da lingua galega». O decálogo resultante expúxose no centro nun panel didáctico.

novembro de 2016, o autor agasallou as persoas que asistiron a un xantar no Ribeiro organizado con motivo do seu 88 aniversario cun caderniño que reproducía a composición.

- (2017) *Sobre as palabras máis fermosas da lingua galega*. Pontevedra: Edicións Fervenza.

f) Corrixindo o galego

- (1989) «O galego na televisión, o galego da televisión», *La Voz de Galicia*, 06/09/1989.
- (1989) «Sobre o galego na televisión», *La Voz de Galicia*, 14/09/1989.
- (2007) «Manifesto dos cento setenta. Pobo e lingua», lido en Lestrove o 24 de febreiro dese ano, cadrando co aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Caderniño en que o autor se arrepoñía á *ifilia*, ou como se afirma no manifesto «en defensa da verdadeira conxunción copulativa: a que nos conforta en «pan e viño», a que nos divirte en «côxegas e moxetes», a que nos orballa en «Laiño e Lestrove», en contra logo do *i* de construcións como «galegos i galegas», «filoloxicamente, ilexítimo, ilegal, iletrado, ilícito, inicuo». Aborda o mesmo tema nunha serie de agudísimos artigos entre os que destacamos: «Delenda est efobia» (*La Voz de Galicia*, 26/04/2024).

g) Páxinas autobiográficas

- (1984) «¿Queres máis caldo, Suso? (Autobiografía e diglosia)», *Faro de Vigo*, 04/11/1984.
- (1999) «1 de xaneiro de 1938: un neno neofalante na aldea de Ventosela», *Grial* 144, 675-681.
- (2016) «Encontro con catro versos de Curros Enríquez. Algunhas cavilacións sobre a nobre condición social da lingua galega», en M. González González (ed.), *Lingua, pobo e terra: estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, CRPIH, 507-518.
- (2020) «Dous achegamentos á vida e á obra de Xosé Ramón Fernández-Oxea “Ben-Cho-Sey” (Ourense, 1896-Madrid, 1988)», en *Dentro de Nós mesmo e a rente ou ao redor*. Santiago de Compostela: CRPIH, 299-311.
- (2024) *Actividades filolóxicas -non exentas de signos políticos- no Instituto Masculino de Lugo de 1960 a 1976*. Xunta de Galicia.
- (2024) «Primeira pancarta en galego», *La Voz de Galicia*, 20/12/2024.

D. Estudos lingüísticos

- (1951) «A lingua galega desde Curros», *Colección Grial* 3, (o seu primeiro artigo filolóxico).
- (1953) «Filoloxía e historia cultural da verba *saudade*», en *La saudade*. Vigo: Galaxia, 121-127.

- (1966) «El gallego. Historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua», no volume clandestino *Galicia hoy*. París: Ruedo Ibérico, 26-36.
- (1966) «Ensaio de bilingüística. Galego e castelán fronte a fronte», *Grial* 13, 314-333.
- (1968) «La pugna latín-romance en la enseñanza de la lectura en el s. XVI», *Actas del III Congreso Español de Estudios Clásicos (28 de marzo-1 de abril de 1966)*. Vol. II. Madrid: Sociedad Española de Estudios Clásicos, 173-175.
- (1968) «Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo (Una incursión en la lingüística del tabú y de la expresividad)», *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* VIII/67-70, 113-120.
- (1969) «Sobre miniña do ollo en galego (a propósito dunha novidade léxica de Leiras Pulpeiro)», *El Progreso*, 19/10/1969.
- (1970) «Nombres gallegos de la luciérnaga», *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* VIII/71-74, 286-291.
- (1970) «As duascenas vinte maneiras de morrer en galego (aportacións para unha lingüística da morte)», *El Progreso*, 06/09/1970.
- (1982) «Prólogo», en J. J. Moralejo Álvarez, *A lingua galega e os seus problemas*. Vigo: Galaxia, 7-15.

E. Historia da lingüística galega

- (1961) «José Leite de Vasconcelos en la lingüística gallega», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* VII/53-56, 6-9.
- (1962) «El príncipe Luis Luciano Bonaparte en la lingüística galega», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* VII/57-58, 124-128⁷.
- (1996) «Instituto da Lingua Galega: 25 anos a contragolpe», *Galicia Institucional* 11, Santiago de Compostela, 70-74.
- (2011) *Aníbal Otero. Política e Lingüística na Guerra Civil e no franquismo*. Vigo: Xerais.
- (2017) «Da Filoloxía galega e da Filoloxía portuguesa (arredor de 1980) na biografía intelectual de Elsa Gonçalves», en E. Gonçalves, *De Roma ata Lixboa: Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*. A Coruña: RAG, V-XX.

⁷ O 6 de decembro de 1959 publicouse en *La Noche* un adianto. Naquel artigo, titulado «Luis Luciano Bonaparte promovió la traducción gallega del Evangelio de San Mateo (1861)», dábase noticia por vez primeira do Príncipe e da súa tradución. O autor atopara a información en 1953 (?) consultando os ficheiros da Biblioteca Nacional de Madrid. O dato escapáraselles a estudosos da nosa lingua tan importantes como Manuel Murguía, Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey ou Carballo Calero.

- (2017) «José Leite de Vasconcelos (1858-1941) e as Letras Galegas, un soneto en galego de 1902, un poema políglota de 1914, unha crestomatía universitaria de textos galegos de 1921, unha carta ao lingüista Aníbal Otero de 1936 e outros textos», en A. Requeixo (ed.), *Sobre letras e signos: estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 151-171.
- Artigos sobre diferentes lingüistas: Francisco Mirás, Manuel García Blanco (*Gran Enciclopedia Gallega*), J. L. Pensado Tomé, Amable Veiga...

F. O galego literario: aspectos e autores

- (1958) «Perfeito, defeito, reito... ¿por que?, *La Noche*, 1-VIII.
- (1963) «El Evangelio de San Mateo. Estudio lingüístico de la traducción gallega de José Sánchez de Santamaría (1861)», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* VII/59-60, 210-214.
- (1968) *Lengua y estilo de Curros Enríquez (en su poesía gallega)*. Lugo: Celta. Extracto da tese de doutoramento do autor, lida na Universidade de Salamanca o 18 de abril de 1966.
- (1970) *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el S. XIX*. Lugo: Celta.
- (1988) «Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma culta de 1875 a 1905», *Grial* 99, 8-18.
- (1995) «A palabra e o silencio en Rafael Dieste», en *Rafael Dieste. Actas do Congreso celebrado na Coruña os días 25, 26 e 27 de maio de 1995*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 123-135.

G. O dialecto do autor, a súa fala comarcal. A homenaxe a Ventosela, a aldea do Ribeiro onde aprendeu a falar en galego

- Vocabulario vitícola del Ribeiro (Ourense), Premio en 1952 ó mellor traballo para alumnos de Filoloxía Románica. Tribunal, presidido por Dámaso Alonso. O Premio, auspiciado polo Centro Galego de Buenos Aires (tres mil pesetas!). Extraviado.
- (1991) «Medio home de sol: hápax», *La Voz de Galicia*, 12/11/1991⁸.
- (2012) *O Ribeiro, na miña vida, como pedagogía e como compromiso (co gallo do nomeamento de Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia)*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- (2012) «Dous capítulos das miñas memorias», *Madrygal* 15, 139-144.

⁸ A listaxe de artigos na prensa dedicados ó léxico e fraseoloxía no Ribeiro é extensa. Ten abordado, entre outras moitas, as expresións *home de sol*, *tío home*, *pedir palabra*, *portarse*, *hermano*... Na bibliografía cítanse, unicamente, algúns dos máis representativos.

- (2019) «Lingüística da indixencia: “hermano”», *La Voz de Galicia*, 19/07/2019.
- (2020) «A miña primeira universidade literaria: o encontro coa copla popular na aldea ós nove anos (1938) e coa fraseoloxía con faíscas estéticas», *Madrygal* 23, 401-405.
- (2023) «*Pedir Palabra* en San Paio de Ventosela o 26 de Xuño de 1949». *Programa de festas de San Paio de Ventosela*.

3. Os inicios

Anunciabamos antes que o texto máis antigo que fomos quen de localizar atribuíble a Alonso Montero e relacionado coa cuestión lingüística remóntase a 1952. Por aquel entón o protagonista destas liñas tiña 23 anos, estudaba en Madrid cuarto de Filosofía e Letras na especialidade de Filoloxía Románica e era recoñecido na prensa galega como un mozo brillante que centraba «su interés en la cultura de Galicia». Con tan conciso currículo, o xornalista Juan Manuel González Luengo decidiu incluílo (probablemente a proposta de Domingo García-Sabell ou dalgún dos homes de Galaxia) nunha serie de artigos publicados nas páxinas de *El Pueblo Gallego*, nos que se lanzaba a seguinte pregunta: «El gallego, ¿Es idioma o dialecto?».

O día 25 de xaneiro, reproduciu a resposta das voces máis recoñecidas daquela na cultura galega: Manuel Casás, por aquel entón presidente da Real Academia Galega, Aquilino Iglesia Alvariño, Fernández del Riego e Ramón Piñeiro. Ó día seguinte chegaba a quenda dos máis novos. Tan só dous, Alonso Montero e Isidoro Millán González-Pardo, seis anos maior que don Xesús e coñecido, no mundo da cultura galega, por ser o autor dos «Comentarios filolóxicos e algunhas verbas empregadas na *Antifona da Cantiga*» que acompañaran, en 1951, a senlleira publicación de Cabanillas coa que a editorial Galaxia iniciara a súa andaina.

Todos os entrevistados negan, cada un ó seu xeito, que o galego sexa un dialecto. Alonso Montero é o único dos seis que o fai empregando a lingua galega. A súa resposta, copiada dun texto escrito que o entrevistado redactara, recolle ben o seu sentir daquela e, en boa medida, anuncia calidades que conserva a día de hoxe. Comeza con certo ton provocador (González Luengo 1952):

O galego inda é unha lingua. Que a ning[u]en lle extraña que poña este “inda”. Eu penso que estamos a un paso do dialecto. Este paso darase máis tarde, darase mais cedo ou non se dará, pero que estamos somentes a un paso, eso é certo. Tamén é un feito a creencia de que ô falar nos faguémolo en dialecto. Non, señor, ¿Que a nosa fala é menos completa que a castelán en algús aspectos? Certo. Vaiamos por partes.

Aquel estudante do Ribeiro continúa a súa exposición describindo o que, ó seu xuízo, é unha situación máis complexa do que parece. Unha situación que ten moito que ver coa cultura do falante e coa clase social a que pertence:

Mentras os suxeitos d'unha comunidade lingüística poidan expresar toda a súa actividade espiritual –pensar, sentir– na fala desa comunidade é que esa fala é unha lingua e non un dialecto. A nós especialmente interesanos nesa comunidade o falante de media cultura en adiante, pois é ben sabido que o inculto labrego, o ñorante peón, etc. teñen d'abondo pra manifestaren todo o seu sinxelo ser co mais localista e baixo dos dialectos. Mais, ¿hasta que punto o galego enche ô falante, a ese falante que é casi un perfecto bilingüe? No campo de sentimento, no campo lírico aventaxa, ou pol-o menos iguala, ô castelán. O que o creia que lea “Follas Novas”, libro onde se cantan cousas que son de Santiago, de Galicia, de España e do mundo inteiro i-esas cousas en ningún momento se aplebeian, nin tampouco se aplebeia o leutor, nin se añoña (esto por se algún cré que eses versos i esa lingoa son sentimentaloides). Noutros campos a ese bilingüe virálle a veces millor o castelán. Débese a que ese falante carece de espírito de galeguización, que neste caso é igual a espírito de oficialización ou sexa, este falante, afeito a ver todol-os productos da intelixencia escritos e falados en castelán, cando il intenta facer falar o seu entendemento non pensa que querendo él aquel pensador castelán que leva dentro podía deixal-o a un lado e ficar como naceu: o pensante i o falante galego.

E remata reivindicando:

Volvamos ó comenzo. O galego inda é unha lingua. ¿Por qué ese “inda”? Falamos denantes que cumpría galeguización. O certo é que nos que se opera esto achán as veces un pequeno choque, exprimentan unha pequena violencia que é motivo para que algús desanden o camiño volvendo ô castelán. Como a lingua está nunha época en que é falada só polos falantes de menos cultura, educación e prestixio –hai dinas exceucións– non sai tan adecuada como a lingua onde o baixo i o alto cooperan na evolución da mesma. Polo tanto, a menos cantidade de falantes cultos, menos dinidade na lingua e mais acercamento ô dialeito. (González Luengo 1952)

Poucos días despois deste inquérito saía do prelo o terceiro caderno *Grial*, titulado «Presencia de Curros y doña Emilia», e nel, o primeiro artigo filolóxico de don Xesús, «A lingua galega desde Curros», aplaudido –en público e en privado– polos membros do círculo Galaxia⁹.

Paralelamente, en Madrid, aquel mozo universitario que nunca sentira falar de sociolingüística ós seus profesores da facultade e que era completamente autodidacta nas súas lecturas neste terreo, comeza a dar conferencias no Centro Galego da capital. Entre as primeiras, unha titulada «La muerte de las lenguas y la agonía del gallego» na que, segundo *La Noche* (31/05/1952), «resaltó las dificultades

⁹ O 9 de novembro de 1951, Ramón Piñeiro en carta a Francisco Fernández del Riego, comenta gabancioso: «Acabo de recibir agora mesmo o traballo do Alonso Montero pra o número de Curros. A mín gustoume moito a maneira de enfocar o problema, pois indica que ten un gran senso filolóxico iste rapaz. Enfoca máis como filólogo que como lingüista, que é o que viña ó caso n-ise tema. Abre un camiño interesantísimo: o estudo dos comenzos literarios da nosa língoa. Falareille de que prepare un ensaio longo sobre iste problema, pois é moi importante que apareza en “Grial” istas anovacións no campo da nosa cultura. Así imos dándolle realidade ó propósito de incorporar valores novos e problemas vivos» (Fernández del Riego 2000: 56).

de fechar el momento en que un hablante abandona de hecho, un idioma, para adoptar el pensamiento y el sistema de otro que hasta ese momento alternaba con el primero».

Evidentemente preocupado pola situación da lingua galega, pouco despois asina «Filoloxía e historia cultural da verba saudade», incluído no tomo *La saudade* (Galaxia, 1953) no que tamén colaboran Piñeiro, García-Sabell, Lois Tobío, Rof Carballo, Elías de Tejada, Manuel Vidán e Salvador Lorenzana, todos bastante maiores ca el e cunha traxectoria intelectual recoñecida. Manuel Cerezales, subdirector de *Informaciones*, loará aquel pequeno estudo afirmando que «aporta un traballo de carácter filolóxico con esclarecedoras precisións sobre cuestións lingüísticas y con una admirable síntesis histórica de la palabra saudade en la literatura y en el habla popular» (*El Correo Gallego*, 14/02/1954).

Coa carreira rematada, Alonso Montero convértese en profesor auxiliar da Universidade Central e comeza a codirixir, con Antonio Lorenzo, a revista mensual *Outeiro*. A fins de 1956 aproba as oposicións ás cátedras de Lingua e Literatura Española e obtén o seu primeiro destino na Escola Normal de Santiago de Compostela. A chegada á cidade marca o inicio dunha actividade entregada e intensa. Borobó (*La Noche*, 27/02/1957) recíbeo entusiasmado cun artigo titulado «Alonso Montero», no que, entre outras moitas cousas, afirmaba que era «el más joven teórico investigador de nuestra poesía», «de palabra fácil y suelta» que chegaba para «infundir nuevos bríos a la investigación literaria gallega». Hoxe sabemos que non se equivocaba nos seus xuízos.

4. Algunhas consideracións: o compromiso, o esforzo da palabra, a coherencia e a vontade de ofrecer solucións

Como é ben sabido, o traballo como lingüista e como sociolingüista daquel docente que iniciara a súa andaina na Compostela de finais dos cincuenta desenvolveuse con plenitude desde comezos dos sesenta e moi especialmente nos setenta. Cadra a nova etapa co seu traslado, en 1960, ó Instituto Masculino de Lugo. A docencia, durante dezaseis anos, nesta cidade, a ascendencia das ideas que transmite na aula e a aceptación que acadaba entre os estudantes, contribúen a convertelo nun dos máis fértiles difusores e defensores dun sistema ideolóxico que decontado se populariza.

A súa foi unha voz fortemente comprometida coa realidade, unha voz teimuda e insistente, con frecuencia valente e arriscada, moi escoitada, que soou en defensa do galego –mesmo a contracorrente e en soidade– e que se facía ouvir nun momento en que os estudos de lingüística galega pouco ou nada tiñan que ver cos de hoxe.

Naturalmente non é este o espazo adecuado para teorizar polo miúdo arredor do inxente traballo desenvolto, trátase, tan só, de facer constar algunhas afirmacións relevantes que é doado inferir a partir das ideas expostas na bibliografía recollida no segundo apartado desta investigación.

4.1. O compromiso político. O falar, un signo de clase

En primeiro lugar, é de xustiza sinalar que Alonso Montero comeza moi cedo a deixar entrever nos seus ensaios as súas ideas sobre a relación existente entre a clase social do falante e a súa opción lingüística. O segundo ano en que se celebran as Letras Galegas, en «Castelao i-o idioma do pobo» (*El Progreso*, 17/05/1964), afirma:

Ó solidarizarse Castelao con algunhas das varias Galicia que viven no noso país, faino coa Galicia sufrida e traballadora, coa Galicia que vive nun marco social que impide o libre i-eficaz desenrolo dos homes. Esta Galicia -obreiros, campesiños, mariñeiros, emigrantes, nenos, pobres, mendigos- é a Galicia que fala galego. Quen, como Castelao, ouviu a chamada do pobo por forza tiña que contar a súa indignación na lingua da realidade [...].

O gran compromiso de Castelao foi co pobo; ô resultar que este é o verdadeiro depositario da lingua galega o seu compromiso inicial provoca un novo compromiso: o lingüístico. Escribir no idioma dos homes que un defende ven a ser tanto como comulgar cabalgamente coa causa defendida. O castelán, desde onde a loita podía tamén ser honrada, convertería ô escritor nun loitador distante.

Como el mesmo ten confesado en diversas ocasións, o 1 de maio de 1962 ingresou no Partido Comunista e debeu de ser entón ou en data moi próxima, cando comeza a expoñer, ás veces de forma sorprendentemente temeraria, as súas ideas marxistas en traballos literarios e sociolingüísticos. 1966 é boa mostra do que dicimos. Ese ano publícase en Ruedo Ibérico *Galicia hoy*, volume clandestino que incluía un importante número de textos antifranquistas. Entre eles, «El gallego. Historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua» no que lemos:

Desde hace un siglo escribir en gallego es escribir en la lengua de los campesinos, de los emigrantes, de los obreros, de los artesanos, de los marineros. He aquí una humanidad que por una serie de razones apenas lee lo que sobre ellos se escribe. Su papel queda reducido al de un destinatario moral.

Escribir en gallego, para ciertos escritores de hoy, es la forma más sincera, más humana de estar con los que padecen la historia.

Das once colaboracións do libro, esta é a única asinada non baixo pseudónimo senón co nome propio. No prólogo que Alonso Montero preparou para a edición facsimilar daquel senlleiro proxecto (Ediciós do Castro, 2008) deixou dito:

Escribino con criterios un tanto autocensórios, razón pola cal non execro a Franco (nin sequera a Fraga), se ben non omito formulacións “marxistoides” (como me dixo o Gobernador Civil de Lugo).

En decembro dese mesmo ano, 1966, asina en *Signo*, a revista de Acción Católica, un comprometido artigo que, xunto a outros incluídos no mesmo número, un especial dedicado a Galicia, contribuirá a que o semanario, ben pouco sospeitoso a ollos do Réxime, sexa temporalmente clausurado. Naquel traballo, titulado «Lengua vil en el ideario burgués. Ser escritor en gallego es ya pactar con cierta concepción popular», lemos:

El castellano vinculado a la riqueza, al rango social, a la cultura y al poder, es decir, en todas las manifestaciones y valores que el dinero, en gran parte, determina. El gallego va a ser, por tanto, la lengua de la pobreza, de la poca cultura, de la ausencia de poder y de los sin rango. Huelga decir que el castellano es también la lengua del poder político y burocrático y la lengua en que se imparte la enseñanza en todos sus grados y modalidades.

Salvo conocidas excepciones, la frontera entre precarios y opulentos en Galicia es también una frontera lingüística.

Faltaban case dez anos para que morrese o ditador. En *Actividades filolóxicas –non exentas de signos políticos– no Instituto Masculino de Lugo de 1960 a 1975* (2024: 5-6) sincérase a este respecto:

Hai, para min, outro Lugo a partir de 1968: o Lugo no que os gobernadores civís multaban intervencións miñas en calquera coloquio público ou o Lugo no que, ás veces, era interrogado na Comisaría de Policía polo Comisario señor Silvosa. Lembro dun xeito especial o primeiro interrogatorio, de doce horas -de doce da mañá a doce da noite- no que o Comisario estaba acompañado por un inspector novo que fora alumno meu en Preuniversitario e a quen os estudantes inconformistas alumaban James Bond. Eran as tribulacións da familia o que máis me preocupaba nestas situacións polo demais, era o prezo que había que pagar naquelas circunstancias, nas que, en todo caso, nunca fun torturado fisicamente.

4.2. O esforzo da palabra. Un iniciador da Sociolingüística galega

Os de Lugo son anos intensos nunha época convulsa. A M. Sío Dopeso nunha entrevista concedida con motivo da súa despedida das aulas (*La Voz de Galicia*, 22/02/2000), cóntalle:

Fun desterrado, iba as comisarías case tódolos meses, fun multado, non tiña liberdade de cátedra e me prohibían centos de conferencias, pero fun máis feliz en Lugo, porque había un lume interior en mín e noutra xente. Estabamos xogando o tipo constantemente, pero non hai nada máis bonito que xogarse a vida polas palabras, as veces por unha frase, un poñíase no disparadeiro.

«Non hai nada máis bonito que xogarse a vida polas palabras». Aquel filólogo que era Alonso Montero sempre foi plenamente consciente do poder da palabra, das palabras. Atento á súa forma, ó seu significado, á súa historia..., preocúpase desde cedo tamén pola estética. O 29 de novembro de 1958 aparece en *La Noche*, «Sobre la “belleza” de las palabras. (Prólogo a una encuesta)» onde aborda unha

cuestión que se converterá nunha constante co paso do tempo. Veñen despois agudos escritos sobre o uso, a orixe ou a corrección de termos e expresións. Entre os primeiros «Sobre “verba” y otras voces que significan “palabra”» (*La Noche*, 04/07/1959) atentamente contestado por Victoriano Taibo en «Verba-palabra, “parola-palabra”, “fala-palabra”, e aínda máis» (*La Noche*, 11/07/1959).

O traballo erudito mestúrase e por momentos esváese tras a faceta pública asumida polo polémico e comprometido divulgador. Nese seu traballo a prol dos dereitos da lingua galega comprende decontado que a terminoloxía teórica de que dispón é imprecisa e insuficiente. Comeza entón a introducir conceptos teóricos da Sociolingüística como disciplina científica. É, neste senso, un pioneiro. A exposición das ideas que defende require de precisións que mesmo o obrigan á creación de termos. Sirva de exemplo como, consciente de que a palabra bilingüe é abertamente imprecisa, introduce, en 1963, no catálogo *Cen anos de literatura galega* o concepto de dilingüismo. Cinco anos despois, en *O porvir da lingua galega* (1968: 11) explica:

É bilingüe quen manexa dúas falas [...]. Pero ¿como chamar á persoa que sabendo dous idiomas ten un pra certas motivacións e outro pra outras?

Eu propoño, mentras outro non apareza, o término “dilingüe”. Cómpre sinalar que moitos escritores nosos foron dilingües, non bilingües. Cando Castelao, case sempre unilingüe en galego, publica unha conferencia en Cuba en castelán sobre Valle Inclán, exerce o bilingüismo pois asuntos semellantes (crítica, arte, etc.) tratounos, denantes e despois en galego, sempre que a obra fose a proieutarse entre galegos. Cando Rosalía de Castro escribe en castelán “En las orillas del Sar” fai bilingüismo pois poemas desa mesma traza aparecen, en galego, en “Follas novas”; mais, cando escribe novelas en castelán, fai dilingüismo pois daquela entendíase que o galego era apto, e aínda óptimo, prá poesía pero non prá prosa que non fose costumista e un pouco chocalleira.

Inda ninguén lera en Galicia o artigo de Charles Ferguson, pai da Sociolingüística, que, en 1959, empregara e definira a diglosia. Chegará a eles a través dos filólogos Francesc Vallverdú e Rafael Lluís Ninyoles. Os tres comparten o carácter pioneiro das súas reivindicacións a respecto da convivencia desigual das linguas rexionais no territorio español.

Durante anos, posuidor xa da terminoloxía, volve con insistencia sobre o tema. A Freixanes (1982: 189) en coñecida conversa mantida pouco despois da publicación do *Informe*, explícalle:

Galicia non é bilingüe senon dilingüe e si a historia sigue en liña recta sera unilingüe ao cabo do tempo, o castelán triunfará definitivamente. Noutros sitios o problema non é, cicáis, tan grave, pero no noso caso é dramático e inaplazable. Hai unha lingua A, que é a lingua do Poder, a Administración, a Cultura, o Progreso, o Capital, a Bo-situación-social-i-económica, a Burguesía (todo con maiúsculas): o castelán. Hai outra lingua, unha lingua B, que é todo o contrario: a imaxe da ñorancia, do meio rural, do atraso, a incultura, a probeza e o mal pasar (todo con minúsculas): o galego. Esto funciona a nivel consciente e subconsciente antre as nosas xentes que, a pesares

de tantos libros en galego, siguen tendo complexo de non saber falar ou falar mal o castelán.

4.3. A coherencia e a vontade de ofrecer solucións

A publicación de *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* no ano 1973¹⁰ suporá un punto importante neste seu traballo. Aquel profesor –querido, respectado e escoitado– anuncia sen panos quentes a vulnerabilidade da lingua e insiste en que a situación é grave (dramática). A polémica estaba servida.

Estamos ante un hecho muy serio: la desaparición del gallego como lengua literaria, la muerte de una literatura. Hablar de Decadencia, como quieren muchos, suena evidentemente a eufemismo (1973: 57).

A alarma que suscitan os argumentos recollidos no volume e o anuncio da desaparición da lingua, da morte do galego, provocan que o autor sexa atacado con dureza. Acusado de acientífico e desesperanzado convértese, no discurso feroz dalgúns, case no responsable da situación que describe. É o profesor Henrique Monteagudo (2016: 328) quen mellor nos explica que «o que Alonso Montero tiña na mente cando enunciou a súa tese [...] era [...] provocar o “efecto de alarma”». Coa denuncia buscaba «a acción colectiva concentrada [...] poderoso acicate para a mobilización da cidadanía».

Pese ós ataques e á polémica, continuará durante anos facendo da denuncia e da concienciación as súas armas máis poderosas e efectivas. En *Política e cultura en Galicia, 1977* (1978: 165) explica claramente a razón desta súa entrega:

Porque creo como elemental o dereito dun pobo a falar e escribi-lo seu idioma, porque creo no dereito á normalización dese idioma, é polo que, se temos medios, conquiremos facer entender a uns e a outros a necesidade, a bondade e a xustiza desta causa.

Algúns dos argumentos empregados naqueles anos sorprenden hoxe pola súa vixencia. Sirva de mostra este extraído de *Política e cultura en Galicia, 1977* (1978: 165):

Certo que moitos destes homes e mulleres foron dalgunha maneira, corresponsables ou cómplices da tiranía lingüística, da colonización idiomática, do asoballamento lingüicida, pro, ó mesmo tempo, eran vítimas dunha estrutura feita *ad hoc*. Por conseguinte sería impolítico responder á aldraxe coa aldraxe. Na polémica cos alleos e cos aliados, as armas teñen que ser civiles, civilizadas.

En *O porvir da lingua galega* (1968: 10) tiña anunciado o autor do *Informe* unha idea, ó noso entender clave, para entender o seu proceder: «Ouservarase polo dito que eu son un pesimista, pero dun pesimismo construtivo». Co paso do tempo teno demostrado. Precisamente por iso, polo seu «pesimismo construtivo», a denuncia

¹⁰ Foi o primeiro número da colección Arealonga da editorial Akal, destinada a tratar temas directamente relacionados coa problemática galega.

da situación preocupante da lingua foi sempre acompañada da oferta dunha tentativa de solucións. No «Prólogo» do *Informe* lemos (1973: 8):

Pensar que las cosas marchan bien o bastante bien, es colaborar ingenuamente con las fuerzas y los instrumentos que están a punto de perpetrar un lingüicidio.

Nuestra lengua, señoras y señores, está amenazada de muerte. Seríamos superlativamente cándidos si creyésemos que disponemos de armas eficaces para oponernos al avasallante cerco en que vivimos. El peligro está tan cerca, tan próximo, tan a nuestro lado, que ya sólo una pregunta es legítima: ¿Que hacer?

O capítulo décimo do libro, titulado precisamente «¿Qué hacer?», conságrase a enumerar medidas para procurar revertir a situación. Hai, segundo o autor, que levar o galego ó ensino, á radio, á prensa diaria, ó teatro, á literatura de quiosco... Hai que facer política e multiplicar o número de libros e de exemplares dos libros. Os tempos eran os que eran.

Hoxe, a vontade de denuncia e a confianza na posibilidade de mellorar a situación da lingua e do pobo galego seguen estando aí. En 2021, preguntado por Ramallo sobre o futuro da lingua, «Como imaxino a situación da lingua galega no ano 2050?», a súa resposta, clara e coherente, apunta na mesma dirección de hai corenta anos (Ramallo 2021: 37):

En Galicia, no País Vasco ou en calquera outro territorio cunha lingua sen Estado, a perpetuación e potenciación da súa lingua depende, hoxe por hoxe, no substancial, da política; mellor aínda, da Política con maiúscula. A Política creou as bases para que o vello hebreo, convertido en neohebreo, fose o idioma xeral e oficial de Israel desde 1948. Desde esa data, a maquinaria toda do Estado púxose ó servizo da causa lingüística, unha causa que mobilizou, dentro e fóra da Nación, compromisos íntimos, emocións moi grandes e recursos poderosos. É un caso único na historia moderna da Humanidade.

Está moi lonxe, pero non é desdeñable o exemplo, o que se logrou coa vella lingua no País Vasco, unha lingua potenciada nas últimas décadas a partir dunha maquinaria estatal moi precaria: unha lingua, sinxelamente, *con algo de Estado*, o que permite a Constitución Española.

En data aínda máis recente afirma (Alonso Montero 2025):

Hoxe, en Galicia, a inmensa maioría da xente nova (de 12 a 40 anos) aprendeu ou perfeccionou o galego nas aulas, sen quebrantaren o castelán, mais, saídos das aulas, quizais non o esquecen pero viven, familiar e profesionalmente, nunha sociedade que só lles ofrece o castelán como alternativa atractiva. En realidade, non teñen exemplos que imitar, e menos os políticos, tan presentes no País Vasco. En conclusión, a solución está na Política (con maiúscula); polo tanto, o que cómpre e urxe é gañar as eleccións autonómicas para facer política lingüística democrática desde o poder por persoas que, na teoría e na praxe, teñan un compromiso a fondo coa causa da lingua galega, sexan do BNG, de Sumar, do PSOE... ou do PP.

Sospeito que o don Xesús de hoxe non se sentiría moi descontento coas respostas que o Alonso Montero de 1952 lle deu ó xornalista de *El Pueblo Gallego* cando lle preguntou se o galego era lingua ou dialecto. Creo que aquel estudante de

Filoloxía Románica da Universidade Central asumiría como propias as palabras publicadas no «Beatus qui legit» de febreiro de 2025. Hai vidas que son así, coherentes e entregadas a unha causa.

Referencias bibliográficas

- Acuña, Ana (1999): «Do poder da palabra na poesía máxico-ritual», *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. II. Santiago de Compostela: Universidade, 23-40.
- Acuña, Ana (2000): «As enquisas lingüísticas e literarias de Xesús Alonso Montero. Unha aproximación á socioloxía da lingua e da literatura», *Ágora do Orcellón* 30, 17-29.
- Alonso Montero, Xesús (1990): «Do estado da lingua: algunhas cuestións», *Grial* 107, 275-293.
- Alonso Montero, Xesús (2025): «A cuestión do porvir do galego é política», *La Voz de Galicia*, 07/02/2025.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2000): «Bibliografía de Xesús Alonso Montero», *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. I. Santiago de Compostela: Universidade, 29-95.
- Fernández del Riego, Francisco (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.
- Freixanes, Víctor F. (1982 [1976]): *Unha ducia de galegos*. 3ª ed. Vigo: Galaxia.
- González Luengo, Juan Manuel (1952): «El gallego ¿Es idioma o dialecto? Alonso Montero e Isidoro Millán dan sus opiniones», *El Pueblo Gallego*, 26/01/1952, 5.
- Monteagudo, Henrique (2000): «Do “Porvir da lingua galega” (1968) ao “Informe dramático” (1973). A crise da conciencia lingüística galega e o futuro do idioma», *Ágora do Orcellón* 30, 147-191.
- Ramallo, Fernando (2021): *A lingua en 2050*. Vigo: Catroventos Editora.
- Rodríguez, Francisco (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Vigo: Xistral.
- Rodríguez Alonso, Manuel (2000): «O labor filolóxico de Alonso Montero e a normativización e normalización do galego», *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. II. Santiago de Compostela: Universidade, 877-886.
- Santamarina, Antón (2000): «Un aspecto pouco coñecido da bio-bibliografía de X.A.M.», *Ágora do Orcellón* 30, 199-202.
- Vázquez Souza, Ernesto (2000): «O Informe dramático sobre la lengua gallega, 27 anos despois», *Suplemento Culturais, La Voz de Galicia*, 22/02/2000, 8.